
ACTA XUNTANZA DO CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

Lugar: Sala de conferencias da Vicerreitoría do campus de Pontevedra

Data: 1 de febreiro de 2023

Hora de comezo: 13.00 h **Hora de remate:** 14.05 h

Asistentes: Manuel Joaquín Reigosa Roger, Eva María Lantarón Caeiro, Pablo Abelleira Acebedo, Xoán Manuel Cebro Rodríguez, Marcos Dopico Castro, Óscar García García, Álvaro Xosé López Mira, María Mercedes Soto González, Emma Torres-Romay, Xosé Manuel Buxán Bran, Alejandro Virgós Soto, Carlos Mollinedo Lois, María Lucrecia López, Silvia García González e Marina Coego Pérez.

Desculpan ausencia: Enrique José Varela Álvarez.

Punto único. Informe do Presidente.

O Reitor informa sobre as razóns da convocatoria urxente do Consello de Campus. Indica que a causa deriva do ofrecemento das instalacións do Hospital Provincial para a Universidade por parte da Xunta de Galicia. Indica que considera necesario informar de primeira man sobre a situación deste tema ao Consello do Campus.

Unha vez explicada a urxencia, o Reitor informa sobre o asunto:

A. Cuestións previas

Comeza indicando que o Campus de Pontevedra goza dunha boa saúde pero que precisa de actuacións en infraestruturas que permitan atender a determinadas necesidades. Concretamente aborda tres aspectos básicos en torno ás previsións de infraestruturas:

- a) Os terreos de Tafisa están pendentes da sinatura do convenio co Concello e das posibles xestións orzamentarias coa Xunta de Galicia. Maníftase plena confianza no Concello para a que a referida cesión sexan o máis rápida posible.
- b) O relativo a infraestruturas tamén garda relación directa coas posibilidades de traer novas titulacións para o Campus de Pontevedra. Para este fin é necesario unha adecuada coordinación e previsión en torno aos títulos e centros actuais e tendo en conta os intereses manifestados pola Xunta en canto ao mapa de titulacións pero, en calquera caso, requirirán contar con previsións en canto a infraestruturas.
- c) Inda está pendente a posta en marcha do Edificio de Benito Corbal.
- d) Estase poñendo en marcha a realización dun estudio para valorar a necesidade dunha residencia de estudantes no campus.

B. Posible cesión do edificio do Hospital Provincial

O Reitor informa de que foi o Conselleiro quen puxo sobre a mesa a posibilidade de cesión deste edificio na cidade de Pontevedra.

Trataríase dunha cesión con obra feita o que require, de xeito previo, tomar decisións claras e precisas sobre que contidos se lle van a dar a este espazo.

O edificio ten máis de 20.000 metros cadrados polo que se trata dun espazo maior que a totalidade de Facultades e centros cos que actualmente conta o Campus.

En resume: a oferta da Consellería é ocupar (dentro de 2 ou 3 anos) o edificio que agora alberga o Hospital Provincial. A Xunta encargaráse das obras, pero inda non hai nada pechado.

C. Valoración de necesidades do campus

Atendendo a posibilidade de contar co Edificio do Hospital Provincial, o Reitor indica que sería adecuado poder facer unha **listaxe das necesidades actuais** do Campus e que, dun xeito ou doutro, podería enmarcarse nese espazo. Describe as seguintes:

- 1) Edificio para a Facultade de Deseño
- 2) Edificio para a Facultade de Dirección e Xestión Pública.
- 3) Ampliación da Facultade de Educación e do Deporte.
- 4) Espazos específicos para a Facultade de Enfermería.
- 5) Residencia universitaria, contemplándose incluso unha posibilidade moi pouco frecuente como é a da residencia de modelo público (na actualidade todas as residencias se xestionan de forma privada).
- 6) Creación dunha nova Facultade, para unha titulación que viría co novo mapa de titulacións e que non teña encaixe concreto coas titulacións actuais.
- 7) Ampliación para o futuro do campus en actividades de investigación. Debe terse en conta que a Universidade se atopa nunha etapa onde se están creando Institutos Universitarios e, en calquera caso, sempre resultará moi importante poder contar con centros de investigación.

Ademais das posibilidades descritas, o Reitor incide en que, a día de hoxe a folla de ruta do Campus estaba marcada polas seguintes **liñas de traballo**:

1. Ampliación da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, que podería facerse no mesmo campus e que, de feito, xa se ten iniciado.
2. A construción de novas Facultades nos terreos de Tafisa.
3. A adscrición da Facultade de Enfermería á Universidade, suporá abordar a súa ubicación, índa non está confirmada. Destácase que, vinculado a este novo centro, xa existe unha expresión de interese dun Máster do ámbito aprobada e, polo de agora, adscrito á Facultade de Fisioterapia.
4. A residencia universitaria inda se atopa en fase de avaliación (con enquisas que se distribuirán entre o alumnado).
5. A Facultade de Comunicación ten recollidas unha serie de melloras e equipamentos que será necesario poñer en marcha no centro.

Feita esta descrición, o Reitor non quere deixar pasar por alto que debe terse en conta, para facer previsións ou plans de futuro, a **actual realidade do Campus**, contando con edificios e infraestruturas de alto valor e importancia estratéxica. Concretamente o Campus está composto na actualidade por:

- Edifícios do Campus A Xunqueira
- Parcela pendente de edificación en Tafisa
- Parte do Edificio de Benito Corbal
- Edificio da Facultade de Belas Artes no centro da Cidade
- Edificio Casa da Campás na zona vella.

E habería que engadir, neste momento, a posibilidade do Edificio do Hospital Provincial o cal suporía un notable incremento do patrimonio da Universidade e dos metros cadrados dispoñibles na cidade (o que tamén supón un incremento dos orzamentos recibidos). As posibilidades deste novo edificio son amplas e variadas, podendo contemplarse ubicar a nova Facultade de Enfermería, pero tamén valorar o traslado dalgunha das titulacións que agora están no Campus da Xunqueira, ata levar Deseño ou unha nova titulación ou incluso a Residencia de Estudantes. Sendo as posibilidades tan variadas, é preciso pensar unha programación cara o futuro na que tamén se teña en conta a previsible evolución do estudantado. Propón realizar unha previsión para os vindeiros dez anos.

Conclúe a súa intervención indicando que esta cesión é algo bo para Universidade e corresponden aceptar e agradecer.

Rolda aberta de intervencións

Carlos Mollinedo considera esta nova un agasallo para a cidade de Pontevedra e supón achegar a Universidade para a cidade. Solucións para longo prazo e se tivera sido antes incluso poderíamos plantexarnos a construción de edificios. Fala da posibilidade da Residencia de estudantes xa que é algo con moito demanda. Pensar que ninguén na universidade está en desacordo con aumentar patrimonio. Sería importante contar tamén co apoio do Concello

O Reitor incide en que tamén supón algo moi positivo para o futuro e evolución da cidade. Destaca que no plan de financiamento reciben máis fondo as universidades que ocupan máis metros cadrados, ao tratarse dun parámetro de valoración.

Álvaro López Mira indique que os prazos dados pola Xunta de Galicia non resultan cribles (2-3 anos) ao ter que pensarse no traslado no actual e na xestión dos correspondentes convenios ao que, posteriormente, haberá que aplicar reformas que requiriran dun plan de uso e de negociacións incluso con patrimonio. Tamén considera necesario o apoio municipal para os cambios que se poidan realizar e indica que se deben evitar o problema que xurdiu con Benito Corbal cando inda non se está facendo uso do edificio. Pon sobre a mesa os custos que supoñen para a Universidade estas intervencións, especialmente no relativo, precisamente no Benito Corbal, e que se eviten repetir os problemas neste caso. Apoia a Residencia e recorda que se fixeron pronunciamentos en contra do relativo a Benito Corbal.

O Reitor incide en que se trata dun traballo de futuro e incluso aporta a posibilidade de que sexan a dez anos e non van a cambiar os obxectivos prioritarios actuais da Universidade. Indica que, por exemplo, no relativo a Tafisa, os traballos comezarán en canto sexa posible pero sempre valorando a adecuación e flexibilidade para que permita a todos os elementos actuais e futuros que poidan contemplarse no Campus. Tamén destaca que

agarda contar co apoio do Concello e que o cambio de uso semella posible e incluso incide que a colaboración entre Concello e Xunta permite facer os procedementos máis rápidos e eficaces. O Reitor indica que finalmente o edificio de Benito Corbal terá un uso adecuado, por agora provisional, pero con posibilidades no futuro. Por iso é importante repensar e darlle voltas a optimizar o que queremos establecer para o Campus. Tamén existe unha cuestión de eficiencia que implica que os metros cadrados tamén supoñan uso e beneficio real para a Universidade.

Xérase un debate en torno ao sucedido con Benito Corbal e sobre a falta de planificación nalgún punto.

Silvia García intervén para destacar para incidir en que estes edificios abren un contacto directo coa cidade e pon de exemplo o sucedido na Coruña, indicando que a propia realidade social nos dirixe a un envellecemento da poboación e que o Programa de Maiores puidera ser outra cousa e ofrecer outro tipo de servizos. Supón unha medra co compromiso social coa cidade e non resignarnos só para que só haxa unha perda de poboación. Considera que a Universidade pode facer unha labor importante no envellecemento activo da poboación.

O Reitor indica que resulta chamativa a demanda existente do Salón que está a disposición no edificio Benito Corbal.

Emma Torres-Romay considera moi positiva a posible cesión do edificio e solicita que se planifique adecuadamente e de forma meditada os potenciais usos do mesmo para evitar caer en erros que poidan lastrar a evolución do Campus e da Universidade no futuro. Tamén solicita que se pense non só en termos de infraestruturas senón tamén de recursos humanos que serán precisos para o bo funcionamento deses potenciais novos espazos ao tempo que solicita que a previsión de novos edificios e novos títulos non faga perder o foco sobre as necesidades que xa están presentes e é preciso atender de xeito inmediato, sen agadar a cesións ou incorporación de novos centros.

O Reitor planificación de edificios con niveis de prioridades, e cousas que non teñen prioridades acaban adiantándose por cuestións alleas (cesións, orzamentos...). Concorde no relativo ao tema de planificación de recursos humanos. En canto ás novas titulacións, explica que o modelo do Campus CREA ten un papel fundamental xa que é precisamente neste ámbito no que debería encaixarse. Debería tratarse de algo atractivo para o alumnado e que non exista en Galicia ao tempo que encaixe co campus.

Mercedes Soto González toma a palabra para valorar moi positivamente as posibilidades do novo edificio.

Pablo Abelleira, comeza polo negativo xa que considera que a comunicación do asunto non foi a correcta xa que o anunciou un candidato de campaña. Certo problema de comunicación neste campo. Coincide coas intervencións anteriores sobre todo no tema da planificación e a necesidade de evitar erros ao respecto. Inda que a opinión do Concello xa se sabe cal é (que o hospital se mantéña) pero seguro que se sentará a falar. Recibe con ledicia a posibilidade dunha residencia pública e agarda que se converta en realidade. Informa de que se prevé unha reunión de delegados e representantes de alumnos no campus para avanzar en propostas para a Universidade.

O Reitor manifesta certa comprensión sobre os procedementos de xestión comunicativa e non critica os tempos políticos ao respecto inda que lle sorprendera inicialmente,

Alejandro Virgós fala de que a posible cesión do edificio do Hospital Provincia é unha oportunidade para achegarse a Pontevedra e que isto suporá máis vinculación do estudantes coa cidade. Considera que suporá máis vida dos estudantes e docentes na cidade. Importancia da planificación e evitar decisións a curto prazo tendo en conta a realidade a pirámide demográfica. Indica que debe terse en conta a parte deportiva do campus atendendo, sobre todo, ao mal estado actual do pavillón universitario. Agora que hai máis metros, ter en conta que podemos cos mesmos. En canto as Residencias expón a súa opinión persoal sobre que non é tan urxente e como deberán terse en conta as previsións da entidades privadas con respecto ás residencias.

O Reitor con respecto a Residencia Universitaria, fala da mesma como un elemento de captación de alumnado. Considera que pode ser un elemento decisor para elixir un campus para estudar.

Establecese un debate en torno a necesidade, previsión e xestión de posibles residencias universitarias no Campus.

Xoán Cebro, cita ideas para o uso do edificio, facendo alusión á Residencia Universitaria pero tamén a Biblioteca central e incidindo nas necesidade en torno ao deporte.

Carlos Mollinedo, indica a necesidade de falar de planificación e indica que, ademais da demanda da residencia, fala da urxencia de contar con instalacións dignas para a práctica do deporte. A Universidade non conta con instalacións adecuadas para contar con títulos de referencia como Ciencias do Deporte.

Establécese un debate en torno a mala situación das instalacións deportivas do Campus.

O Reitor indica que nun escenario no que se conte con Tafisa e co Hospital Provincial poderán valorarse outras opcións que, ata o de agora, non se tiñan contemplado.

O Reitor pecha a reunión indicado que manterá informado o Consello de Campus sobre calquera novidade ao respecto.

A Vicerreitora despide aos presentes facendo consideracións sobre o positivo desta nova oportunidade e solicitando a colaboración dos decanatos para a xestión da enquisa no relativo a necesidade das residencias universitarias ao tempo que informa da organización dunha regata coa Escola Naval Militar.

Remata a sesión ás 14.05 h.